



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2022

CONVOCATORIA PROFESORADO

De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 43 do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, e no punto oitavo da Orde do 21 de outubro de 1996, **corresponde elixir no presente proceso electoral a 1 profesor/a**, dun total de 2 que poden ter representación no Consello Escolar.

No caso de presentarse máis de unha candidatura, será o candidato con maior número de votos o que entrará a formar parte do Consello Escolar durante os próximos 4 anos.

Segundo o artigo 50 do Decreto 92/1998 do 28 de abril, os empates que se puidesen producir en número de votos dirimiranse en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo.

2. Non formarán parte do Claustro de Profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, o profesorado substituto, estando integrados no Claustro ao efecto, o profesorado substituído.

O censo electoral está exposto no taboleiro de anuncios a partir do 25 de outubro. **As reclamacións ao referido censo realizaranse** mediante escrito razoado á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do xoves 7 de novembro**.

3. **As candidaturas correspondentes poderán ser presentadas entre o luns 28 de outubro e o xoves 7 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na administración do centro.
4. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén fixar en dita reunión a data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocarase ao Claustro de Profesores/as a tales efectos, para o mércores 6 de novembro.
5. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
6. As votacións realizaranse no IES Cabo Ortegal o día 19 de novembro en sesión de claustro extraordinario.
7. Cada profesor/a fará constar na papeleta de votación un máximo de 1 nome da lista de candidatos/as.
8. O voto será directo, secreto e non delegado.
9. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio de votos, e levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
11. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 10 de setembro de 2024 o luns 25 de novembro.

Cariño, 25 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez